

Unha nova sección da revista *La Tribuna*: o seu Boletín Bibliográfico

Dende o seu tempo, é inxente o acervo bibliográfico que xeneran a obra e a vida de Emilia Pardo Bazán. Cada ano, cada mes, mesmo cada semana, xorden novas achegas en forma de libros e monografías, capítulos de traballos colectivos, edicións, rescates documentais, artigos e recensións, notas e misceláneas. No seo dunha revista como *LA TRIBUNA. CADERNOS DE ESTUDOS DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN*, que é foro universal do debate en torno á riquísima poligrafía da autora galega, cómpre abrir e brindar un espazo biobibliográfico, co fin de facilitar as consultas e indagacións de moitos pardobazanistas e curiosos lectores e lectoras, un espazo que sirva de rexistro periódico, anual, das novas aportacións de toda índole e procedencia.

Esta sección estará aberta de xeito permanente, de maneira que poida verse incrementado o número de items cada vez que un usuario queira incorporar algunha nova contribución. A revista agradece, neste sentido, as informacións e achegas de todos¹.

Inauguramos neste número este espazo plural, un espazo de diálogo e colaboración, grazas ao labor de Pedro Incio, Xefe do Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña, quen se encargará do coidado e elaboración deste Boletín Bibliográfico.

Cristina Patiño Eirín

Secretaria da revista *La Tribuna. Cadernos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*.

¹ As suxestións para o Boletín bibliográfico pódense dirixir por correo electrónico ao enderezo da revista (latribunaepb@academia.gal) ou por correo ordinario a: